



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ANUNCIO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da modificación da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E COMUNICACIÓN PREVIA**, ao amparo do artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cuido texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E COMUNICACIÓN PREVIA

Artigo 1.-

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licenzas urbanísticas, E POR COMUNICACIÓN PREVIA que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 da citado Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais .

Artigo 2.-

Constitúe o feito impositivo da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 194 DA LOUGA E DEMAIS NORMATIVA DE APLICACIÓN - se axustan á normativa urbanística.

Artigo 3.-

1.-Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións.

2.-En todo caso, terán a condicións de substitutos do contribuinte, os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4.-

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-

a) A cota tributaria deste tributo queda determinada por:

- Unha cantidade única de 6,01 euros sexa cal fora o presuposto da obra
- Unha porcentaxe do 0,5% sobre o orzamento da obra. Non obstante, no caso específico das obras menores o custo de execución non poderá ser en todo caso



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

inferior ao que resulte de aplicar os cadros de módulos e prezos unitarios recollidos no ANEXO 1 da presente Ordenanza.

b) Pola primeira ocupación ou utilización dos edificios e instalacións en xeral e a modificación de tales usos, liquidaranse polas seguintes bases:

- Por m2 construído de uso para vivendas, 0,601012 euros (entendéndose incluídos os locais complementarios tales como trasteiros, garaxes e sotos)
- Por m2 de uso comercial, 0,420708 euros
- Por m2 de uso industrial, 0,180304 euros

ANEXO I

COSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS PARA AS QUE NON SEXA NECESARIO PRESENTAR PROXECTO, APLICABLE Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E COMUNICACIÓN PREVIA.

A. SOBRE A SUPERFICIE COMPUTABLE (módulos)

1.M ² Construción dun galpón ou alpendre.	161,64 €
2. M ² Obras de reforma en:	
1) Vivendas.	273,70 €
2) Oficinas.	270,67 €
3) Locais comerciais.	315,65 €
4) Locais de hostalería.	463,50 €

B. SOBRE UNIDADES DE OBRA (prezos unitarios)

1. M ² nivelación terreos.	2,05 €
2. M ³ Escavación de terras.	4,57 €
3. M ³ Recheo e compactado de terras.	3,53 €
4. M Apertura de gabias.	33,12 €
5. M Encanamento de saneamento enterrado.	44,96 €
6. U. Acometida domiciliaria de saneamento.	238,73 €
7. U. Acometida domiciliaria de auga.	304,82 €
8. U. Pozo de auga.	2.104,28 €
9. M ³ Depósito de auga.	157,06 €
10. U. Instalación de fosa séptica.	1.387,61 €
11. M ² Demolición de tabique ou apertura de ocos.	5,74 €
12. M ² Demolición de cubertas.	4,42 €
13. M ² Demolición de falsos teitos.	2,28 €
14. M ² Picado de masas ou azulexados.	5,11 €
15. M ² Picado e levantamento de pavimentos.	6,55 €
16. M ² Tabique de ladrillo.	13,11 €
17. M ² Tabique pladur.	24,87 €
18. M ² Enfuscado mestreado e alisado.	10,49 €
19. M ² Falso teito de escaiola.	15,63 €



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

20. M ² Pavimento de cemento ou terrazo.	19,98 €
21. M ² Pavimento de gres, PVC ou moqueta.	30,17 €
22. M ² Chan de madeira.	41,29 €
23. M ² Pavimento de pedra ou mármore.	74,33 €
24. M Banzo ("peldaño").	19,28 €
25. M ² Azulexado.	30,69 €
26. M ² Chapeado de pedra ou mármore.	79,67 €
27. M ² Pintura plástica interiores.	4,97 €
28. M ² Panelado de madeira.	28,52 €
29. U. Porta blindada de madeira.	833,33 €
30. M ² Substitución carpintería de madeira.	152,78 €
31. M ² Substitución carpintería de aluminio.	194,03 €
32. M ² Substitución carpintería PVC.	200,98 €
33. M ² Substitución de carpintería metálica.	82,79 €
34. M ² Peche metálico de seguridade (reixas).	115,03 €
35. M ² Acristalamiento con vidro normal.	39,63 €
36. M ² Acristalamiento con vidro "Climalit".	89,41 €
37. M ² Acristalamiento con vidro de seguridade.	141,03 €
38. M ² Limpeza de fachadas.	6,77 €
39. M ² Limpeza e rexuntado fachadas granito.	6,77 €
40. M ² Pintura exteriores.	7,39 €
41. M ² Revestimento monocapa para exteriores.	13,66 €
42. M ² Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa.	47,02 €
43. M ² Substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento.	22,57 €
44. M ² Impermeabilización de terraza.	17,07 €
45. M Canlón.	13,28 €
46. M Baixante.	16,15 €
47. U. Rede interior de auga fría e quente.	583,26 €
48. U. Instalación completa de calefacción en vivenda.	4.005,03 €
49. U. Instalación da rede eléctrica en vivenda.	2.060,83 €
50. Instalación de ascensor en edificio de planta baixa e tres plantas altas.	11.038,99 €
51. Incremento por planta de instalación de ascensor.	1.471,86 €
52. U. Lavabo.	163,29 €
53. U. Bañeira.	178,86 €
54. U. Bidé.	139,97 €
55. U. Inodoro.	155,53 €
56. M ² Toldo.	87,65 €



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

57. M ² Marquesiña.	263,24 €
58. M ² Rótulo opaco.	387,28 €
59. M ² Rótulo luminoso.	536,20 €
60. M ² Carteleira publicitaria, valos, lonas e monopostes anunciadores: Os requisitos e condicións esixibles serán os seguintes: 1. A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal. 2. Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria. 3. As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil. 4. Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza. 5. Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cms., pintado de cor. 6. Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros. 7. O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada. 8. Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.	40,04 €
61. U. Instalación grúa.	1.450,38 €
62. M Peche de postes con aramado.	12,52 €
63. M ² Peche de tea metálica con postes.	13,35 €
64. M ² Cerrume con bloque de formigón.	26,13 €
65. M ² Cerrume con bloque acabado especial.	44,93 €
66. M Cerrado de chantos.	30,46 €
67. M Cerrume con bloque e tea metálica.	40,34 €
68. M ³ Cerrume con cachotería, pedra ou lousa.	353,84 €
69. M ² Peche metálico.	66,86 €
70. M ² Peche fundición.	106,53 €
71. M ² Porta entrada a parcela:	
Metálica.	104,97 €
Fundición.	241,08 €
72. U. Entrada a parcela, incluída canalización.	450,24 €
73. M ² Reposición de beirarrúas.	45,04 €
74. M Execución gabia.	59,10 €



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

75.- Tala de árbores, por unidade: Coníferas e frondosas (agás carballos e castaños): Ata 20 cms. de diámetro:	35,00 €.
De 20,01 € a 30 cms. de diámetro:	45,00 €.
De 30,01 € a 40 cms. de diámetro:	65,00 €.
De 40,01 € a 50 cms. de diámetro:	95,00 €.
De máis de 50 cms. de diámetro:	140,00 €.
Carballos e castaños: Ata 20 cms. de diámetro:	105,00 €.
De 20,01 € a 30 cms. de diámetro:	135,00 €.
De 30,01 € a 40 cms. de diámetro:	195,00 €.
De 40,01 € a 50 cms. de diámetro:	285,00 €.
De máis de 50 cms. de diámetro:	420,00 €.
A escala de diámetros de tronco ou fuste mídese a 1,20 metros dende o chan portante.	

Artigo 6.-

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 7.-

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística OU COMUNICACIÓN PREVIA, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.-Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza OU NO SEU CASO A COMUNICACIÓN PREVIA, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a autorización das obras ou a súa demolición se non foran autorizables de acordo coa lexislación vixente.

3.- De acordo co establecido no artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as taxas recollidas na presente ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, para o que se empregarán os modelos normalizados establecidos ao efecto polo Concello de Foz, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude OU COMUNICACIÓN PREVIA, acreditar o ingreso do importe da débeda tributaria, a conta da liquidación definitiva que no seu caso corresponda

4.-Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo público ou a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

5.- Nos supostos de desistir a pedimento do solicitante antes de producirse a resolución do expediente de concesión de licenza, OU COMUNICACIÓN PREVIA procederá a devolución do 50% do importe aboadado.

Artigo 8.-

1.-As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras, presentarán previamente no Rexistro Xeral a seguinte documentación:

- A oportuna solicitude.
- Orzamento da obra.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- 2 exemplares do proxecto básico e de execución, no seu caso, redactado por técnico competente e visado polo Colexio.
- Lugar de emprazamento da obra.
- Autorizacións que sexan necesarias segundo os casos.
- Cuestionarios estadísticos.
- Nomeamento de arquitectos e aparelladores.
- Compromiso escrito de realización das obras de urbanización, de presentación de fianza e de non utilización da construción ata non finalizar as obras de urbanización.
- Depósito previo sobre o orzamento real da obra proxectada.
- Pago do anuncio do trámite de excepción.

2.-Cando se trate de actos suxeitos al réxime de intervención municipal de comunicación previa, o promotor dos actos de uso do solo e do subsuelo previstos no número anterior comunicará o Concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles a data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución.

A comunicación deberá ir acompañada de:

- a) Descripción suficiente das características do acto de que se trate.
- b) Xustificante de pago dos tributos municipais.
- c) No seu caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos sus extremos coa ordenación urbanística de aplicación.
- d) Copia das restantes autorizacións e, en su caso, concesións administrativas cando foran legalmente exixibles o solicitante, ou acreditación de haberse solicitado seu otorgamiento.
- e) Documento de avaliación ambiental, no caso de requeri-lo o uso o que vaian destinadas as obras.
- f) Copia da autorización ou dictame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando foran legalmente exixibles.

Artigo 9.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto no artigo 77 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 10.-

Habilítase o sr. Alcalde para modificar e aprobar os Modelos de solicitude de licenza urbanística, comunicación previa e modelos de autoliquidación da taxa.

DISPOSICION FINAL.-

A presente modificación entrará en vigor e comezará a aplicarse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, e artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

En Foz (Lugo) a, 12 de agosto de 2014

O ALCALDE

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)